

## BANDO INFORMATIVO

### PROGRAMA "XUNTOS NO NADAL" 2016

Manuel Mirás Franqueira, Alcalde do Concello de Oroso

**INFORMA:** que se abre o prazo de inscrición para o desfrute do PROGRAMA "XUNTOS NO NADAL" 2016

**BENEFICIARIOS/AS:**

Persoas maiores que se atopen soas no Nadal

**REQUISITOS:**

- Ter 60 anos cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes
- Estar empadroadado nalgún dos concellos galegos e vivir no seu domicilio
- Ter que pasar só/a as datas do Nadal
- Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia
- Non estar acollido/a nun centro residencial

**DATAS E SERVIZOS**

Este programa levarase acabo entre o 23 de decembro de 2016 e o 2 de xaneiro de 2017, e comprende os seguintes servizos:

- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense ata as residencias de tempo libre e viceversa
- Estancia na residencia durante 11 días (10 noites), aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa
- Actividades de animación sociocultural

**CUSTO DA PRAZA:** As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (532,51€/mes), asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas con uns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50€

**INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:**

**Prazo:** Ata o 23 de novembro incluído

**Lugar:** Departamento de Servizos Sociais do Concello. Rúa do Deporte (baixo), Sigüeiro, Oroso  
**CITA PREVIA** no teléfono: 981 68 89 50. Luns, martes, mércores e venres de 9:30 a 13:30h

Oroso, 4 de novembro de 2016

Manuel Mirás Franqueira

